

PLAN DIXITAL

CPR Plurilingüe La Encarnación

[Versión 1.1_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do Centro	CPR Plurilingüe La Encarnación
Dirección	Av. Dolores Mosquera, 4 36650 Caldas de Reis
Correo electrónico	cpr.laencarnacion@edu.xunta.gal caldas@salesianas.org
Páxina web	caldas.salesianas.org
Etapas educativas	Educación Infantil e Primaria.
Nº de alumnos	178
Nº de profesores	14

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CPR Plurilingüe La Encarnación é un centro Privado de Titularidade Concertada situado en Caldas de Reis, unha localidade no Noroeste da Provincia de Pontevedra. O concello de Caldas ten unha poboación duns 10.000 habitantes, sendo a do núcleo urbano de 4.000 habitantes.

O noso alumnado, maioritariamente, procede da propia localidade, pero tamén asisten alumnos de localidades do arredor (Cuntis, Moraña, Pontecesures, Valga, Vilagarcía...).

O nivel socioeconómico das familias é medio-baixo.

Traxectoria no ámbito das TIC

Dende curso escolar 2003-2004 iniciouse no centro a implantación paulatina das novas tecnoloxías, coa dotación dun equipo informático nos despachos administrativos, a creación da sala de informática, e a introdución dun computador nalgúns aulas, así como a formación do profesorado neste ámbito. No curso 2007-2008 realizouse unha enquisa entre o profesorado e o alumnado para coñecer a realidade do noso centro sobre o uso das Tic's. Logo da análise dos resultados e dado a elevada porcentaxe de uso entre os membros da comunidade educativa redactouse o primeiro Plan Tic do centro co propósito de mellorar os recursos materiais e a formación tanto do alumnado como do profesorado. Froito destas reflexións o centro comezou a participar en diferentes proxectos relativos as TIC:

- Forma parte do proxecto Abalar desde o ano 2010.
- Participa no proxecto "E- Dixgal" desde o ano 2015.
- Proxecto "Snappet" desde o ano 2016 en 3º e 4º de primaria. Concluído no curso 2019-20.

- Proxecto Digicraft desde curso 2019-20.

Aínda así, queda moito camiño por percorrer para alcanzar unha integración total na comunidade educativa.

A contribución das TIC no Plan Xeral Anual é clave para o desenvolvemento da Competencia dixital, tanto do persoal docente coma do alumnado. Darase prioridade á utilización destas ferramentas nos procesos pedagóxicos-didácticos e administrativos.

Nos Obxectivos do Plan Xeral Anual recolleranse os obxectivos e as accións establecidas no Plan Dixital.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O plan de Integración das Tecnoloxías da información e Comunicación do noso centro da resposta ao sinalado na lexislación vixente en canto a aplicación das TIC no ensino.

- Na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE) no seu artigo 111 Bis dispón que “As administracións educativas e **os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula** como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensinanza e aprendizaxe. As Administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentarase a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.”
- No artigo 121 da LOE recollese que “o proxecto educativo do centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.”
- Entre as funcións do director, seguindo o artigo 132 da LOE, está exercer a dirección pedagóxica, **promover a innovación educativa e impulsar plans** para a consecución dos fins do proxecto educativo de centro.
- Na disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022; establece que **“Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.”**

- Para a elaboración deste Plan seguimos as indicacións da Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, **elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.**

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital de centro crease un equipo de apoio á persoa coordinadora, formado por:

Mestre	Función/Cargo
Paula Diz Pérez	Coordinadora TIC/Comunicación e 1ºe Mestra de Ed. Primaria
Mª Jesús Ortigueira Fresco	Coordinadora Edixgal, PT e Mestra de Ed. Primaria
Beni Ferreiro Barros	Mestre especialista en Música.

A labor do equipo organizouse seguindo as indicación dos mentores do Equipo Adix, ofrecidas nas formacións e na aula virtual.

Fase I: Análise e diagnose de situación dos centros.

Comezo do SELFIE.

Informe de resultados do SELFIE.

Informe grupal do test CDD.

Informe DAFO.

Fase II. Deseño e elaboración do Plan Dixital.

Fase II. Implementación, seguimento e avaliación do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Na actualidade o centro conta co seguinte equipamento:

- Unha aula de informática con doce ordenadores e unha PDI.
- Taboleiro dixital e un ordenador en cada aula do centro
- 50 portátiles para os alumnos de 5º e 6º (Edixgal)
- 12 Tablets Samsung. (Programa Digicraft)
- 1 kit de realidade aumentada e videoxogos. (Programa Digicraft)
- 1 kit de intelixencia artificial e robótica. (Programa Digicraft)
- Ordenador na sala de profesores e biblioteca.
- Ordenadores nos despachos administrativos (4 ordenadores de sobremesa).
- Conexión wifi en todas as aulas.

Dispón ademais de:

- Páxina web: <http://cpplaencarnacion.es/>
- Correo: cpr.laencarnacion@edu.xunta.es
- Plataforma Corporativa Microsoft Office 365 <http://salesianas.org/>
- Espazo Abalar e Abalarmóbil.
- Facebook: <https://www.facebook.com/salesianascaldas/>
- Instagram: https://www.instagram.com/cprlaencarnacion_caldas/

Xestión e mantemento do equipamento do centro:

O mantemento dos equipos do Proxecto Abalar é realizado polo centro conxuntamente coas familias, nas empresas oficiais asignadas pola Consellaría. O coordinador Abalar é o responsable da xestión.

O resto dos equipos do centro son xestionados polo Administrador, a través de empresas externas.

No centro contamos cun Código de bo uso da conta de correo electrónico, que se lles da a coñecer ás familias e ao persoal do centro a principio de curso. Este código é asinado por todos os que desexen usar esa conta de correo corporativo.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Deberase ter en conta que o análise SELFIE só o realizaron os alumnos e alumnas dos cursos 5º e 6º de Educación Primaria (Aulas Edixgal).

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	4
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.3
	Alumnado	4.8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3.3
	Alumnado	4.4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	3.7
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	3.8

	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.6
	Profesorado	3.3
	Alumnado	4.4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.6
	Profesorado	2.6
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3.6
	Alumnado	4.6

Test CDD:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
L01. LABORAL	13	13	100%
L03. AUTÓNOMOS	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
82,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	65,7	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI	89,6	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
E. ESP	74,5	Integrador/a (B1)	72,2	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0
A2	7	50%
B1	2	14,3%
B2	4	28,6%
C1	1	7,1
C2	0	0
TOTAL	14	100%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e do TCDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	Contamos cunha infraestrutura dixital que apoia o ensino – aprendizaxe coas TIC.	Non contamos con suficientes equipos para o alumnado e a conexión a internet non é boa.
	PERSONAL DOCENTE	Ten acceso a posibilidades de Desenvolvemento persoal continuo. Ten interese polas ferramentas dixitais e busca recursos dixitais en liña.	Parte do profesorado sente que o equipo directivo non involucra ao claustro no desenvolvemento dunha estratexia dixital.
	PERSONAL NON DOCENTE	Persoal non docente moi cualificado para o seu posto.	Número moi reducido de persoal. Falta de formación dixital específica para o posto.
	ALUMNADO	Consegue un nivel bastante alto na competencia dixital, ao rematar a etapa de Educación Primaria.	Uso habitual de contidos dixitais sen a formación suficiente, o que en ocasións provoca aprendizaxes superficiais e equivocadas.
	FAMILIAS	As familias dispoñen de dispositivos para o alumnado. Efecto motivador do uso das tics para os seus fillos.	Falta de comunicación continua coas familias sobre os diferentes proxectos da escola. Apenas se contempla a participación das familias nos proxectos dixitais. Nivel adquisitivo baixo das familias.
	OFERTA	Apostamos por unha oferta plurilingüe de dixital nas actividades extraescolares.	A oferta educativa de E. infantil e primaria non permite completar a formación educativa obrigatoria.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	O tamaño reducido do centro favorece a colaboración entre as etapas. Aposta do centro por unha organización ao servizo da	Sobrecarga de equipos docentes e accións burocráticas.

		innovación e da calidade educativa. Horarios e espazos dispoñibles.	
--	--	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	A administración educativa aposta polo uso das ferramentas dixitais e apoia o proceso de creación dun Plan dixital.	Escaseza de recursos aportados pola administración. Carga burocrática excesiva e falta de liberación horaria para a coordinación.
	LEXISLACIÓN	A lexislación recolle a competencia dixital e a elaboración dun plan no centro para o seu desenvolvemento.	Cambios normativos continuos. Currículo dixital difuso.
	CONTORNA	Hai unha rede de centros a nivel institucional que pode facilitar o desenvolvemento.	Centros da contorna con mellores instalacións e recursos e cunha maior inversión económica.
	ANPA	A ANPA colabora na adquisición de materiais tecnolóxicos e na aposta pola formación.	A ANPA conta con escasos recursos económicos.
	OUTRAS ENTIDADES	Utiliza as TIC para a comunicación relativa ao centro educativo.	Utilizamos pouco as TIC para colaborar con outras institucións u organizacións.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos deste plan son:

- Potenciar a competencia dixital do profesorado.
- Proporcionar ao profesorado e alumnado as servizos dixitais apropiados.
- Reflexionar sobre a práctica docente con outros profesores compartindo experiencias de observación de compañeiros.

Para cada obxectivo presentase unha táboa onde se recollen os indicadores e a consecución das accións.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- **Infraestrutura dixital:**

O centro precisa unha mellora na conectividade por iso propónse como solución as **conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede**. Esta mellora será financiada polo propio centro.

- **Equipamento:**

- Todo o equipamento do centro (detallado no punto 2.1) estará recollido no inventario do centro, así como o seu estado.
- O centro presenta necesidades grandes de equipamentos, xa que non conta cos dispositivos suficientes para o alumnado. Esta situación procurarase reverter nos próximos curso, de xeito gradual; xa que non contamos con apoio da administración.
- Todas as aulas do centro contan con un ordenador de aula, unha pizarra dixital interactiva e un sistema de son. Este material deberase revisar de xeito anual (unha vez finalizado o curso) para a súa posta apunto. Nestes momentos cóntanse con incidencias en varios dispositivos polo que é preciso a súa actualización e mellora.
- A biblioteca de centro non conta con ordenador para a xestión dos prestamos nin para que os alumnos busquen información, polo que sería interesante unha actualización e adquisición de dispositivos.
- As aulas de 5º e 6º de Educación Primaria forman parte do Proxecto Abalar, polo que contan con dispositivos para cada alumno/a. Vemos a necesidade de que este proxecto se amplíe aos cursos de 3º e 4º de Educación Primaria.

- **Servizos dixitais educativos.**

O centro conta cos servizos dixitais educativos corporativos da Consellería: Correo electrónico, espazo Abalar e XADE.

Ademais destes servizos o centro conta con outros de xestión propia: páxina web do centro, Plataforma Office 365 con licencias de pago e programas de xestión administrativa.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento Profesional Continuo							
OBXECTIVO:	Potenciar a competencia dixital do profesorado.					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Participación do profesorado en formacións de ámbito dixital.						
Valor de partida	O 30% do profesorado participa en formacións de ámbito dixital.						
Valor previsto e data	O 70% do profesorado participa en formacións de ámbito dixital.				30 de Xuño do 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Diseñar un itinerario dixital formativo.	Equipo directivo.	Setembro	Equipo TIC e equipo directivo. Ordenadores, tablets...		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Utilizar as tecnoloxías e o traballo en equipo para desenvolver a competencia dixital.	Equipo directivo e Equipo TIC	Xuño	Office 365.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Crear un espazo de recursos dixitais para compartir.	Equipo TIC	1º Trimestre.	Share Point		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.4: Participar nas xornadas formativas propostas.	Equipo directivo	Xuño	Equipo TIC e equipo directivo. Ordenadores, tablets...		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

“Área/s de mellora”: Infraestrutura e equipos							
OBXECTIVO:	Proporcionar ao profesorado e alumnado as servizos dixitais apropiados.					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Dotación das ferramentas dixitais para as aulas.						
Valor de partida	O 30% das aulas conta con servizos dixitais adecuados.						
Valor previsto e data	O 70% das aulas conta con servizos dixitais adecuados.				30 de Xuño do 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO2.1 Realizar un inventario co equipamento tecnolóxico do centro, o seu estado e o seu uso.	Equipo TIC.	Setembro	Ordenadores, tablets, follas de rexistro... Dispoñibilidade horaria		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2 Mellorar a rede wifi.	Equipo directivo	1º Trimestre.	Dotación económica		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
“Área/s de mellora”: Pedagogía: apoios e recursos.							
OBXECTIVO:	Reflexionar sobre a práctica docente con outros profesores compartindo experiencias de observación de compañeiros.					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Participación do profesorado nos encontros de boas prácticas						
Valor de partida	O 20% do profesorado compartiu as súas experiencias docentes.						

Valor previsto e data	O 60% do profesorado comparte as súas experiencias docentes.			30 de Xuño do 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1Compartir experiencias a través de encontros	Equipo directivo e Claustro	Xuño	Recursos humanos, presentacións, ordenadores...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2Rexistrar instrumentos e modelos de avaliación dixital do profesorado	Equipo directivo e equipo TIC.	Xuño	Rexistro e Plataforma Office 365 (Share Point)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

No contexto da avaliación procesual, unha vez ao trimestre, reuniremonos para valorar a evolución das accións e valoraranse as accións e actividades realizadas.

Ao rematar o curso, o equipo TIC reunirse para valorar a consecución dos obxectivos, co fin de realizar unha avaliación final. Na cal as conclusións extraídas recolleranse nas táboas do plan de acción e nas Actas do Equipo TIC.

Unha vez rematado o proceso de avaliación estableceranse unha serie de medidas de mellora que se recolleran no vindeiro plan.

5. Difusión do plan

O mércores 15 de xuño presentase o plan ao Claustro de profesores para a súa aprobación. Este mesmo proceso levarase a cabo no Consello escolar, con data do 30 de xuño. Unha vez aprobado publicarase na publicación na páxina web do centro na seguinte ligazón:

<https://caldas.salesianas.org/asociaciones/proyecto-digital/>

Ao inicio de curso informarase a toda a Comunidade Educativa sobre dito plan no:

- As familias: Presentarase o proxecto por parte da Dirección na Reunión Xeral de inicio de curso coas familias.
- Ao alumnado: Explicarase ao alumnado os obxectivos do plan e as actividades que se van a levar a cabo.